



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A REFORMA E MODERNIZACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30.04.1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Concello do Carballiño para a posta en funcionamento da nova praza de abastos.

I.- MARCO COMPETENCIAL E HABILITACIÓN NORMATIVA

1.1. Competencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia en relación co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

1.2. Competencias da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense, é unha institución pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, participando na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia habilitan ás deputacións provinciais para prestar asistencia e cooperación económica, técnica e xurídica aos concellos da provincia, especialmente para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal. En particular, o artigo 36.1 b) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, atribúe ás deputacións provinciais a asistencia e cooperación económica, técnica e xurídica aos municipios, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no ámbito provincial. Así mesmo, o artigo 57 da devandita lei prevé a utilización dos





convenios de cooperación como instrumento para articular a colaboración entre administracións públicas.

No ámbito autonómico, o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, habilita expresamente ás deputacións provinciais para subscribir cos concellos convenios de cooperación para a execución de obras, a prestación de servizos e a concesión de subvencións, co fin de garantir a prestación integral dos servizos municipais. Pola súa banda, os artigos 114 e 115 da mesma lei recoñecen a competencia das deputacións para prestar asistencia económico-financeira e técnica aos concellos, incluíndo a cooperación na realización de obras e servizos municipais e a elaboración de proxectos e dirección de obras.

1.3. Competencias do Concello do Carballiño

O Concello do Carballiño, é titular da Praza de Abastos do municipio, conforme as competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia. A actuación obxecto deste convenio inscríbese no exercicio das competencias propias do concello como servizo público municipal.

II.- MARCO ESTRATÉXICO E PLANIFICACIÓN SECTORIAL

1.4 O Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2025, aprobou o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que contempla no seu Eixe 2 "Dinamización e visibilidade do comercio" a Medida 2.5, orientada especificamente a "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia", prevendo o establecemento de liñas de apoio para a mellora e modernización das prazas de abastos galegas.

Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada, tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente. Por isto, é necesario potenciar a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais situados no ámbito rural, procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural, a mellora da comercialización dos produtos autóctonos e a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos.

2.2. O selo de Mercado Excelente e a Rede de Mercados Excelentes de Galicia

En consonancia co exposto, por Orde do 12 de decembro de 2025 (DOG núm. 6, do 12.01.2026) regúlase o procedemento para a obtención e renovación do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia. O outorgamento deste selo é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan os mercados e prazas de abastos galegos, permitindo a identificación daqueles que acadan estándares óptimos de calidade e modernidade.

A Rede de Mercados Excelentes de Galicia ten como finalidade modernizar e consolidar estes equipamentos, garantindo que respondan ás novas necesidades de comerciantes e consumidores sen perder a súa identidade tradicional. Neste contexto, o impulso da Rede de Mercados Excelentes é fundamental para destacar os mercados e prazas como eixos e motores do comercio de proximidade. A adaptación e modernización destes espazos contribúe a mellorar a accesibilidade, avanzar na dixitalización, incrementar e cualificar os servizos á clientela e potenciar o produto galego de calidade, asociado a valores como a sustentabilidade, a protección ambiental, o trato personalizado e o compromiso social.





2.3. O Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 6 de abril de 2026, aprobou o Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, configurado como o instrumento estratéxico destinado a orientar e apoiar as actuacións de reforma, mellora, modernización e dinamización das prazas de abastos galegas que aspiren a obter o selo de Mercado Excelente. Este plan establece o marco de referencia para a adecuación dos equipamentos comerciais municipais, a súa posta en valor como espazos de centralidade comercial e a súa adaptación ás novas necesidades das persoas comerciantes e consumidoras, promovendo a sustentabilidade, a calidade, a dixitalización e a integración do produto local.

O Plan prevé a concesión de apoios económicos específicos destinados á execución de obras e actuacións de mellora nos mercados municipais que cumpran os seguintes requisitos: a existencia dunha ordenanza municipal actualizada da praza de abastos; a súa localización nunha zona comercial de relevancia; a dispoñibilidade dunha diagnose de situación e usos que identifique as necesidades de mellora; a existencia dun proxecto de reforma coherente con esa diagnose; e o compromiso municipal de achegar un mínimo do 30 % do investimento necesario.

O Plan establece, así mesmo, que a formalización dos apoios ás prazas de abastos de referencia se realizará mediante os instrumentos de colaboración previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permitan articular a participación conxunta da administración autonómica e os concellos beneficiarios.

2.4. O Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense

No marco do impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense subscribiron, con data do 18 de febreiro de 2026, un Protocolo Xeral de Colaboración destinado a establecer un marco estable de cooperación institucional orientado á mellora, modernización e dinamización das prazas de abastos da provincia. O protocolo prevé, así mesmo, a formalización de convenios específicos cos concellos interesados, a fin de concretar as actuacións a desenvolver en cada caso.

A Deputación Provincial, no exercicio das súas competencias de asistencia e cooperación aos concellos e de promoción do desenvolvemento económico e social no ámbito provincial, considera de especial interese público a intervención nas prazas de abastos. Este ámbito de colaboración fundamentase na constatación de que tales actuacións contribúen de maneira decisiva a reforzar a vitalidade económica das vilas e cidades, a revitalizar o comercio local e a adaptar estes equipamentos ás novas demandas e hábitos de consumo.

Así mesmo, a Deputación valora de forma especialmente positiva a obtención do selo Mercado Excelente, na medida en que constitúe un instrumento de identificación e recoñecemento dos mercados que acadan estándares elevados de calidade, modernidade e servizo á cidadanía, reforzando a súa posición como espazos estratéxicos para o desenvolvemento económico e social do territorio.

De acordo coa cláusula cuarta do protocolo, a formalización dos convenios específicos require que cada concello dispoña dunha diagnose actualizada da situación e usos do mercado e dun proxecto técnico de reforma, como documentos necesarios para definir as actuacións subvencionables, concretar os investimentos e articular o réxime de financiamento, xustificación, pagamento e demais condicións aplicables.





III. A PRAZA DE ABASTOS DO CARBALLIÑO: SITUACIÓN E NECESIDADE DE ACTUACIÓN

Con data 13 de abril de 2026, o concello presentou ante a consellería unha solicitude de colaboración na que destaca a importancia estratéxica da súa praza de abastos e a súa vontade de convertela no mellor escaparate do produto galego de calidade, ligado ao territorio, á sustentabilidade, ao trato próximo e ao compromiso social. Para iso solicita apoio que permita executar obras de reforma e modernización do mercado, co obxectivo de reforzar a súa excelencia e afrontar novos retos sen perder autenticidade nin tradición, elementos clave da vida económica e social local. Ademais, expresa a súa aspiración de que o mercado acade o distintivo de Mercado Excelente.

A Praza de Abastos do Carballiño constitúe un equipamento público comercial de especial relevancia para a actividade económica da comarca, desempeñando funcións propias do servizo público de abastecemento e configurándose como eixe estruturante do comercio de proximidade no ámbito municipal.

O proxecto de reforma interior e modernización concíbese como unha intervención integral orientada a modernizar, racionalizar e poñer en valor o edificio, optimizando o seu funcionamento como mercado municipal e espazo de encontro cidadán.

O concello dispón dunha diagnose elaborada conforme aos criterios establecidos para a obtención do selo de Mercado Excelente, na que se identifican as necesidades de reforma, así como dun proxecto técnico coherente coas conclusións desa diagnose.

O concello manifesta, ademais, o compromiso de actualizar a ordenanza municipal reguladora da Praza de Abastos para adecuala aos estándares de calidade, modernización e eficiencia esixidos para a obtención do selo.

As actuacións proxectadas responden, en consecuencia, ás finalidades de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e aos obxectivos de consolidación das prazas de abastos como espazos de centralidade comercial, dinamización económica e valorización do produto local.

Así mesmo, cumpre cos requisitos establecidos no Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, ao contar o concello cunha diagnose actualizada, un proxecto técnico coherente coas necesidades identificadas, o compromiso de actualización da ordenanza municipal e unha proposta de actuación aliñada cos criterios de modernización, sustentabilidade, eficiencia e dixitalización previstos no devandito Plan.

IV. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS DO CONVENIO

A concorrencia de razóns de interese público, social e económico vinculadas á dinamización do comercio de proximidade e á modernización dun equipamento municipal de especial relevancia xustifica a colaboración financeira da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Ourense nos termos previstos neste convenio. Esta colaboración artículase ao abeiro do Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, do Protocolo Xeral de Colaboración suscrito entre ambas administracións e da normativa vixente en materia de réxime xurídico do sector público e de subvencións, garantindo un marco adecuado para apoiar a mellora e posta en valor da Praza de Abastos do Carballiño como espazo estratéxico do comercio de proximidade.

En coherencia coa Medida 2.5 "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia" do Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, coa Orde do 12 de decembro de 2025 sobre o





selo de Mercado Excelente, co Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e co Protocolo Xeral de Colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, o proxecto de reforma da Praza de Abastos do Carballiño reúne os valores, condicións e requisitos que xustifican o apoio á súa reforma e modernización. A actuación proposta cumpre plenamente cos criterios establecidos polo Plan e no Protocolo de colaboración asinado entre a consellería e a deputación, ao basearse nunha diagnose actualizada, nun proxecto técnico coherente coas necesidades identificadas e nun compromiso municipal de modernización integral do equipamento.

Esta colaboración contribúe ao desenvolvemento económico local, á valorización do produto galego de calidade e á consolidación da rede de prazas de abastos como espazos singulares de abastecemento, convivencia e dinamización urbana. A participación conxunta da consellería, a deputación e o concello reflicte o compromiso institucional compartido coa mellora destes equipamentos comerciais e coa promoción dun modelo de comercio de proximidade moderno, eficiente e sostible.

V. OBXECTO, ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E VIXENCIA

5.1. Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer o réxime de financiamento, concretar as actuacións subvencionables, determinar os investimentos e gastos necesarios para a execución do proxecto de mellora da Praza de Abastos do Carballiño e regular as obrigas das partes, o procedemento de xustificación e pagamento e os aspectos relativos á súa vixencia e réxime xurídico aplicable.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto de reforma e modernización da Praza de Abastos do Carballiño, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación establecida no convenio.

5.2. Orzamento e distribución do financiamento

O orzamento total das actuacións obxecto do presente convenio ascende a **un millón catrocentos vinte e nove mil cincocentos setenta e sete euros con noventa céntimos (1.429.577,90 €)**, IVE incluído. O financiamento das actuacións realizarase mediante as achegas das administracións asinantes co seguinte reparto:

A consellería achegará o 70 % do orzamento total, correspondente ao importe dun **millón setecentos catro euros con cincuenta e tres céntimos (1.000.704,53 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.

- A deputación achegará o 20 % do orzamento total, correspondente ao importe de **douscentos oitenta e cinco mil novecentos quince euros con cincuenta e oito céntimos (285.915,58 €)**, IVE incluído.

- O concello achegará o 10 % restante do orzamento total, correspondente ao importe de **cento corenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros con setenta e nove céntimos (142.957,79 €)**, IVE incluído.





Na execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións coa desagregación que se recolle no anexo, distribuídas en dúas anualidades, co seguinte financiamento:

Actuación	Importe total	Consellería	Deputación	Concello
FASE 1 (2026)	370.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	70.000,00 €
FASE 2 (2027)	1.059.577,90 €	850.704,53 €	135.915,58 €	72.957,79 €
TOTAL	1.429.577,90 €	1.000.704,53 €	285.915,58 €	142.957,79 €

A distribución do financiamento da primeira anualidade (2026), correspondente á Fase 1, realizarase conforme aos importes fixos sinalados na táboa anterior, ao destinarse esta anualidade a actuacións previas necesarias para o inicio da intervención principal, así como a acopios de materiais precisos para garantir a continuidade dos traballos na anualidade 2027.

O financiamento da segunda anualidade (2027), correspondente á Fase 2, realizarase polos importes restantes das achegas comprometidas por cada administración asinante, respectando os importes totais e porcentaxes de cofinanciamento establecidos neste convenio.

Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.3. Marco normativo e vixencia

Todo iso realízase no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como conforme á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

